

A Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT) reunida en data 18 de abril de 2024, a proposta dos equipos PROA dos centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde, CONSIDERA PERTINENTE de acordo á instrución 4/2010 do 26 de abril da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, a inclusión na guía farmacoterapéutica das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, do medicamento de alto impacto, sanitario, social e económico:

### CEFTOBITROL

na indicación de tratamento da Pneumonía comunitaria e nosocomial por SARM en nenos e adultos, excluindo a asociada a ventilación mecánica, cando linezolid estea contraindicado.

De xeito excepcional e no marco do RD 1015/2009 de "uso de medicamentos en situacións especiais" podería valorarse o seu uso en adultos e nenos con infeccións producidas por microorganismos susceptibles cando o balance beneficio/risco é positivo e outras opcións terapéuticas resulten inadecuadas.

*Recoméndase que a valoración do inicio de estes antimicrobianos e o manexo dos pacientes que os reciben estea supervisado por equipos multidisciplinares hospitalarios de expertos en enfermidades infecciosas, microbioloxía clínica e terapéutica antimicrobiana (PROA).*

Santiago de Compostela, sinatura e data dixital

O presidente da Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica  
Jorge Aboal Viñas

Comisións de farmacia e terapéutica dos centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde